



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE, NÚMERO CINCOCENTAS TRECE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL QUINCE.**

Na Casa Consistorial de Poio, ás nove horas e doce minutos do dezaseis de abril de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Alicia Martínez González, Gregorio L. Agís Gómez, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Juan J. Rodríguez Grandal, Manuel Domínguez Álvarez, M<sup>a</sup> del Carmen Torres Castiñeiras e D. Alberto Villaverde Méndez. Escusan a non asistencia as Concelleiras Consuelo Besada Lores e M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales así como a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria-urxente correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4092.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- Polo Sr. Alcalde ponse en coñecemento dos asistentes que a urxencia da convocatoria está motivada pola necesidade de dar aprobación ao expediente que figura na orde do día por rematar o vindeiro día 18 de abril de 2015 o prazo para a presentación da documentación para solicitar á subvención correspondente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo dentro do programa de rexeneración e renovación urbana segundo o Plan 2013-2016.

En votación ordinaria e polo voto favorable da totalidade de membros presentes, o Pleno ratificou a urxencia da convocatoria e dos puntos nel incluídos.

4093.- SECRETARÍA, TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN TORRES CASTIÑEIRAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta dos trámites realizados en virtude do establecido no artigo 182 e ss da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime xeral electoral co motivo das renuncias presentadas e aceptadas polo Pleno da Corporación por D. Javier Domínguez Lino, Concelleiro Electo do PP e D<sup>a</sup>. Marta Agís Iglesias así como da recepción da credencial de Concelleira Electa D<sup>a</sup>. María del Carmen Torres Castiñeiras, expedida pola Xunta Electoral Central ao ser a seguinte candidata na listaxe do Grupo Municipal.

A continuación e unha vez posto de manifesto que se presentou Credencial ante a Secretaría e se procedeu á formalización das correspondentes declaracións ante o Rexistro de Intereses e Incompatibilidades, como requisito previo á toma de posesión de conformidade co disposto na lexislación vixente por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del

Carmen Torres Castiñeiras procédese á tomar posesión coa fórmula establecida: “Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente, as obrigas do cargo de concelleira con lealtade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde para dar a benvida á D<sup>a</sup>. María Del Carmen Torres Castiñeiras como novo membro da Corporación facéndose extensiva dita benvida polos restantes membros da Corporación.

A corporación dáse por enterada do nomeamento da nova concelleira.

4094.- MEMORIA-PROPOSTA PARA A SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA SEGUNDO O PLAN 2013-2016.- Ábrese este punto da orde do día pola Secretaria da Corporación que procede a describir brevemente os antecedentes de feito e o contido da documentación a remitir ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e ao Ministerio de Fomento, da que xa se realizou unha análise na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Seguimento do Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Combarro e do Catálogo de Edificios e conxunto do Concello de Poio, realizada no día de hoxe e no que se emitiu ditame favorable á proposta formulada con data 15 de abril, polo Presidente de dita Comisión e os Concelleiros delegados de Cultura e Urbanismo: **"PROPUESTA.** El Decreto 3394/1972, de 30 de noviembre (B.O.E. Núm. 299 de 14 de diciembre de 1972) declaró conjunto artístico y pintoresco de carácter nacional, el pueblo de Combarro, destacando como elemento esencial de su singular fisonomía, los hórreos que cierran su borde marítimo.

Treinta años despues, aprobado el Plan Especial de Protección, la Administración autonómica declara el 31 de octubre de 2002, Área de Rehabilitación al Conjunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra) para afrontar como retos más inmediatos, su enjecimiento demográfico, pérdida de población, deterioro arquitectónico, ausencia de infraestructuras básicas (saneamiento, pavimentación, mobiliario urbano) y la rehabilitación de edificios y viviendas.

Este primer convenio fue seguido de siete fases posteriores, cerrandose la actividad de la Oficina del Área de Rehabilitación, en el año 2012.

Pese a la gran labor de impulso y fomento de la cultura de rehabilitación en el ámbito durante sus años de funcionamiento, no solo en el ámbito de las intervenciones privadas sino también en la dotación de servicios, reurbanización de vías y soterramiento de aproximadamente el 80% de las líneas de energía eléctrica, se hace necesario continuar la actividad del ARI. El diagnóstico de la situación social, económica y ambiental del ámbito han detectado la necesidad de afrontar, entre otros, como retos más urgentes:

- El inadecuado grado de conservación de algunos de los elementos más singulares, hórreos y cruceros, y en general degradación ambiental, en especial de la zona de borde e interior del Casco.
- Incentivar nuevamente las intervenciones en edificaciones y viviendas de carácter residencial
- Iniciar la adaptación del Plan Especial a las nuevas demandas sociales, permitiendo dar cobertura a usos no contemplados y a valores inmateriales no protegidos
- Fomentar la concertación interadministrativa y público privada para concentrar esfuerzos, eliminar demoras en los procedimientos y buscar fórmulas de turismo sostenible que permitan poner en valor el Conjunto, haciendo compatible la protección de sus patrimonio y la explotación de sus recursos.
- El impulso de políticas de ahorro y eficiencia energética en actuaciones públicas y privadas.
- Revertir la situación de estancamiento demográfico.
- Mejorar los estándares de gestión interna para la consecución de los objetivos que se programen por Fases, optimizando recursos.
- Impulsar la aplicación innovadora de fondos.

Para ello se propone la reanudación del funcionamiento de la Oficina como instrumento más adecuado para la gestión y seguimiento del Programa de Acciones Integradas que se compone de las siguientes actuaciones:

<b>ACTUACIONES</b>	<b>PRESUPUESTO PROTEGIDO</b>	<b>TOTAL</b>	<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>
Públicas Cruceros Puesta en marcha de la Oficina	20.153,24 32.047,70		7.053,63 11.216,70
Privadas: Hórreos Rehabilitación viviendas	219006,24		76652,18
<b>Total</b>	<b>271207,18</b>		<b>94922,51</b>

Formada por tanto la documentación prevista en el Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan Estatal de fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria, y la regeneración urbanas, 2013-2016, y en la Orden de 9 de marzo de 2015 de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (DOG nº 52 de 17 de marzo de 2015), por la que se establecen las bases reguladoras del Programa de regeneración y renovación urbanas del Plan estatal de fomento de alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración urbanas, 2013-2016, por medio de la presente se propone al Pleno la adopción del siguiente **ACUERDO**:

**Primero.-** Solicitar al Instituto Galego de Vivenda e Solo para el Área de Rehabilitación Integral del Conjunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra), participar en el Programa de regeneración y renovación urbana que se resolverá en el seno de la Comisión Bilateral de Seguimiento del Plan 2013-2016, para la puesta en marcha de la 8ª Fase.

**Segundo.-** Solicitar al Instituto Galego de Vivenda e Solo para el Área de Rehabilitación Integral del Conjunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra), la condición de entidad gestora de las actuaciones.

**Tercero.-** Solicitar al Instituto Galego de Vivenda e Solo para el Área de Rehabilitación Integral del Conjunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra), mediante la participación en el Programa de regeneración y renovación urbana que se resolverá en el seno de la Comisión Bilateral de Seguimiento del Plan 2013-2016, una ayuda por importe de 94.922,51 euros, con arreglo a la siguiente distribución:

<b>ACTUACIONES</b>	<b>PRESUPUESTO PROTEGIDO</b>	<b>TOTAL</b>	<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>
Públicas Cruceros Puesta en marcha de la Oficina	20.153,24 32.047,70		7.053,63 11.216,70
Privadas: Hórreos Rehabilitación viviendas	219006,24		76652,18

<b>Total</b>	<b>271207,18</b>	<b>94922,51</b>
--------------	------------------	-----------------

**Cuarto.-** Remitir al Instituto Galego da Vivenda e Solo el presente acuerdo junto con la restantes documentación relacionada en el Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan Estatal de fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria, y la regeneración urbanas, 2013-2016, y en la Orden de 9 de marzo de 2015 de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (DOG nº 52 de 17 de marzo de 2015), por la que se establecen las bases reguladoras del Programa de regeneración y renovación urbanas del Plan estatal de fomento de alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración urbanas, 2013-2016. ..".

Esta proposta foi posteriormente subscriba polos restantes grupos municipais, PP e Psg-PSOE.

Non producíndose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos dezaseis membros corporativos presentes sendo dezasete o seu número legal, o Pleno de forma consensuada, tendo en conta as competencias que en materia de protección e xestión do patrimonio histórico (art. 25.2º. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación ao dictame e polo tanto acorda:

**Primeiro.-** Solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra), participar no Programa de rexeneración e renovación urbana que se resolverá no seno da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016, para a posta en marcha da 8ª Fase

**Segundo.-**Solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra), a condición de entidade xestora das actuacións.

**Terceiro.-** Solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico Artístico de Combarro (Poio-Pontevedra), mediante a participación no Programa de rexeneración e renovación urbana que se resolverá no seno da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016, unha axuda por importe de 94.922,51 €, coa seguinte distribución:

ACTUACIÓNS	PRESUPUESTO TOTAL PROTEXIDO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Públicas		
Cruceiros	20.153,24	7053,63
Posta en marcha da Oficina	32.047,70	11.216,70
Privadas:		
Hórreos	219006,24	76652,18
Rehabilitación vivendas		
<b>Total</b>	<b>271208,18</b>	<b>94922,51</b>

**Cuarto.-** Remitir ao Instituto Galego da Vivenda e Solo o presente acordo xunto coas restantes documentación relacionada no Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de

fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración urbanas, 2013-2016, e na Orde de 9 de marzo de 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº 52 de 17 de marzo de 2015), pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas del Plan estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas, 2013-2016.

**Quinto.-** Asumir o compromiso de consignar crédito no Presuposto do exercicio 2016 para dar cobertura á achega municipal prevista para actuacións públicas.

**Sexto.-** Facultar ao Alcalde para a remisión da solicitude e cantos trámites sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.